

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MODELO DE

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CONTRATO DE SERVIZOS

NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

NON HARMONIZADO

SEN MESA DE CONTRATACIÓN

Aprobado polo Acordo do Consello de Goberno do ... de ... de ..., logo de informe favorable da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia do ... de ... de ... e da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do 7 de xullo de 2016

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA ⁽¹⁾, DO SERVIZO**

(1) Sinalar no título a posible condición de contrato reservado (D.A. 5ª TRLCSP)

PORTADA

CONTRATO DE SERVICIOS

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: **NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE**

CONTRATO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO, A EMPRESAS DE
INSERCIÓN LABORAL OU LICITADO NO MARCO DUN PLAN DE EMPREGO
PROTEXIDO: **SI** **NON**

TRAMITACIÓN: **ORDINARIA** **URXENTE**

Para consultas relacionadas co expediente:

Cláusulas administrativas: tfno.: _____ correo electrónico: _____

Cláusulas técnicas: correo electrónico: _____

Perfil do/da contratante: [www. _____] (para cubrir no caso de ser publicado o anuncio)

Plataforma de contratación pública de Galicia: www.contratosdegalicia.es (para cubrir no caso de ser publicado o anuncio)

PERSOAL NEGOCIADOR: [cargo]

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

A. ORZAMENTO DE LICITACIÓN (cláusula 3)

A.1 Prezo a tanto global:

Importe IVE excluído:
IVE:
Total:

A.2 Outros sistemas de determinación do prezo (especificar o que sexa de aplicación):

Prezo referido a unidade de execución:	Orzamento de gasto máximo
Prezo referido a unidade de tempo:	(IVE excluído):
Prezo referido conforme o ciclo de vida:	
Outros sistemas:	
IVE:	IVE:
Total:	Total:

A.3 Lotes

Orzamento de gasto máximo de cada lote (IVE excluído): Lote 1: Lote 2:	Orzamento de gasto máximo da totalidade dos lotes (IVE excluído):
IVE lote 1: IVE lote 2:	IVE da totalidade dos lotes:
Total lote 1: Total lote 2:	Importe da totalidade dos lotes:

A.4 Valor estimado do contrato

--

B. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES

B.1 Distribución por anualidades:

Ano	Total (IVE incluído)	Partida orzamentaria
2.....		
2.		
2.		
2.		

B.2 Lotes

Ano	Lotes	Total (IVE incluído)	Partida orzamentaria
2.....	Lote 1		
2.	Lote 2		
2.	...		
2.			

Lotes reservados a centros especiais de emprego ou a empresas de inserción laboral (D.A. 5ª TRLCSP):

Ano	Lotes	Total (IVE incluído)	Partida orzamentaria
2.....	Lote 1		
2.	...		

B.3 Limitación ao número de lotes:

Limitación ao número de lotes aos cales se pode presentar un licitador (cláusula 5.3.2.c):	Máximo _____ lotes
Limitación ao número de lotes que poden ser adxudicados a un licitador (cláusula 5.4.6):	Máximo _____ lotes
Fórmula de determinación da limitación ao nº de lotes que poden ser adxudicados a un licitador:	

B.4. EN CASO DE FINANCIAMENTO COMUNITARIO (cláusula 1.1):

Indíquese fondo e regulamento:

- FEDER: Regulamento (UE) nº 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013 sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1080/2006.
- FSE: Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello.
- Feader: Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello.
- FEMP: Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

- Feder- CTE: Regulamento (UE) nº 1299/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións específicas relativas ao apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional co obxectivo de cooperación territorial europea.

FEDER OU FSE	PROGRAMA OPERATIVO:	Incluír o título do programa (p.e.: programa operativo Feder Galicia 2014-2020)
	% COFINANCIAMENTO COMUNITARIO:	Consignar a porcentaxe de cofinanciamento comunitario do programa (p.e: 80% Feder)
	EIXE PRIORITARIO:	
	PRIORIDADE DE INVESTIMENTO:	
	OBXECTIVO ESPECÍFICO:	
	ACTUACIÓN:	En Feder e FSE, consignar o código de actuación do documento criterios e procedementos de selección de operacións (CPSO) a que se imputa a operación na cal se enmarca o contrato

FEADER OU FEMP	PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL/PROGRAMA OPERATIVO:	Incluír título do programa
	% COFINANCIAMENTO COMUNITARIO:	Consignar a porcentaxe de cofinanciamento comunitario do programa/prioridade/medida, segundo corresponda
	PRIORIDADE:	
	MEDIDA:	

C. DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZO DE EXECUCIÓN (cláusula 8.2)

Duración do contrato:

Prazo de execución total:

Prazos de execución parciais:

Data de inicio do servizo:

D. ADMISIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO

NON

SI

Condições en que a prórroga se levará a cabo (prazo, aviso previo, etc.):

E. PRAZO DE GARANTÍA (cláusula 9.2)**F. SOLVENCIA. HABILITACIÓN (cláusula 4.3)****F.0 OBRIGA DE ACREDITAR SOLVENCIA**

SI

NON (artigo 11.5 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas)

F.1 CLASIFICACIÓN DOS CONTRATISTAS (NON OBRIGATORIA)

Grupo	Subgrupo	Categoría	Tipo de actividade

F.2 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. Art. 75 TRLCSP

Medios:

Critérios de selección e requisitos mínimos:

F.3 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA. Art. 78, 80 e 81 TRLCSP

Medios:

Critérios de selección e requisitos mínimos:

F.4 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA DE EMPRESARIOS NON ESPAÑOIS DE ESTADOS MEMBROS DA UE. Art. 66.1 TRLCSP

Son os mesmos que os dos empresarios españois

F.5 CONCRECIÓN DAS CONDICIÓNS DE SOLVENCIA

Ademais da solvencia indicada, exíxese a adscrición á execución do contrato, como mínimo, dos medios persoais e/ou materiais seguintes:

Especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación. Art. 64.1 TRLCSP

SI

NON

Compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais indicados. Art. 64.2 TRLCSP

SI

NON

Carácter de obrigas esenciais para os efectos previstos no art. 223.f):/ penalidades

SI

NON

F.6 HABILITACIÓN EMPRESARIAL OU PROFESIONAL EXIXIDA

--

G. REVISIÓN DE PREZOS (cláusula 3.2)

<p><input type="checkbox"/> Non procede</p> <p><input type="checkbox"/> Fórmula:</p> <p><input type="checkbox"/> Outros:</p> <p>Sistema de aplicación:</p>
--

H. GARANTÍAS

H.1 GARANTÍA PROVISIONAL (cláusula 5.3.2): MÁXIMO 3% DO ORZAMENTO DE LICITACIÓN (IVE excluído)

<p><input type="checkbox"/> Importe:</p> <p><input type="checkbox"/> Non procede</p>
--

H.2 GARANTÍA DEFINITIVA (cláusula 6.1): 5% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (ou do orzamento de licitación cando a contía do contrato se determina en función de prezos unitarios; ou do prezo máximo fixado, no caso dos contratos con prezos provisionais) (IVE excluído)

Forma de prestar a garantía:

- En calquera das formas reguladas no art. 96.1 TRLCSP
- Mediante retención de prezo (art. 96.2 TRLCSP)
- Non procede

Acreditación da constitución da garantía mediante medios electrónicos:

- Non se permite
- Só para avais de entidades ou sociedades de garantía recíproca que subscribisen con convenio coa Xunta de Galicia (ORDE do 23 de maio de 2008 pola que se regulan os procedementos para a presentación de avais ante a Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, e para a súa devolución, empregando medios electrónicos.)

H.3 GARANTÍA COMPLEMENTARIA: MÁXIMO 5% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN
(IVE excluído)

- NON
- SI

Porcentaxe:

I. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS (cláusula 5.2)

Enderezo do Rexistro:

Horario do Rexistro:

Enderezo ao cal se pode anunciar a remisión por correo da oferta:

- Fax:

- Correo electrónico:

J. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES OU MELLORAS (cláusula 2.2)

NON

SI

Elementos e condicións sobre os cales se aceptan:

K. ASPECTOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN (cláusula 5.4)

ECONÓMICOS	TÉCNICOS

L. PROCEDEMENTO CON FASES SUCESIVAS (cláusula 5.4.4.). Art. 178 TRLCSP

FASE	CRITERIO DE ADXUDICACIÓN	LIMIAR MÍNIMO

M. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS (cláusula 5.4.5). Art. 152 TRLCSP

[Nota: pódense incluír criterios ambientais ou sociais: custos salariais, etc]

N. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓNS (cláusula 5.4.6 e D.A. 4ª TRLCSP)

Cando se considere conveniente, para os efectos da solución de empates, e cando proceda segundo a cláusula 5.4.6, a proposta de adxudicación realizarase a favor do empresario que acredite a circunstancia seguinte (indíquese unha ou a orde de preferencia):

Número de traballadores con discapacidade superior ao 2% nos termos da DA 4ª.2. En caso de que varias empresas se encontren en situación de igualdade nesta circunstancia terá preferencia o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

Empresas que teñan implantado un plan de igualdade (art. 67 do Decreto legislativo

2/2015, do 12 de febreiro)

- Empresas que obtivesen a Marca galega de excelencia en igualdade (art. 75 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro)
- Empresas que establecesen a prol dos seus traballadores/as medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral (art. 29.4 da Lei 3/2011)
- Empresas de inserción (DA 4ª.3)
- Entidades sen ánimo de lucro nos termos da DA 4ª.4
- Entidades recoñecidas como organizacións de comercio xusto nos termos da DA 4ª.5

O. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO. Art. 118 TRLCSP

Condicións especiais de execución do contrato (cláusula 8.1):

Carácter de obriga esencial para os efectos previstos nos art. 212.1 e 223.f)

SI

NON

Carácter de infracción grave para os efectos establecidos no artigo 60.2.e) do TRLCSP en caso de incumprimento (cláusula 8.15):

SI

NON

P. IMPORTE MÁXIMO GASTOS DE PUBLICIDADE (cláusula 3.4 e 8.13)

Q. PROGRAMA DE TRABALLO EN CONTRATOS DE TRACTO SUCESIVO (cláusula 8.2)

SI. Prazo de presentación para a súa aprobación:

NON

R. PAGAMENTO DO PREZO (cláusula 8.16). Art. 216 TRLCSP

Pagamento do prezo:

Órgano con competencias en materia de contabilidade pública:

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (Consellería de Facenda)

S. SUBCONTRATACIÓN (cláusula 8.12). Art. 227 TRLCSP e 29.3b) Lei 14/2013, do 26 de decembro

Non se permite (neste suposto deberase xustificar no expediente de contratación que pola súa natureza e condicións debe ser executado directamente polo adxudicatario)

- Permítese nas condicións seguintes:
- Exíxese a presentación dunha declaración sobre a parte do contrato que o licitador teña previsto subcontratar nos termos do artigo 227.2.a) do TRLCSP
- Exíxese a subcontratación con empresas especializadas. Partes do contrato que se van subcontratar e habilitación profesional exixida:

T. LUGAR DE ENTREGA OU PRESTACIÓN (cláusula 8.1)

--

U. PENALIDADES ESPECÍFICAS PARA ESTE CONTRATO NON INCLUÍDAS NO ART. 212 TRLCSP (cláusula 8.15)

En caso de incumprimento de prazos parciais:
--

En caso de incumprimento do prazo total:
--

En caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación:

En caso de incumprimento parcial da execución do obxecto do contrato:

En caso de que o incumprimento afecte características tidas en conta para definir os criterios de adxudicación (art. 150.6):
--

En caso de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato (arts. 64.2, 118 e 228 bis):
--

Outras:

V. MODIFICACIÓN DO SERVIZO (cláusula 8.11)

Permítese nas condicións seguintes:

Alcance e límites da modificación:

Porcentaxe sobre o prezo do contrato ao cal como máximo pode afectar:

W. RESOLUCIÓN DO CONTRATO (cláusula 8.15)

Causas especiais de resolución do contrato:

Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato ás cales se atribúe carácter de obriga contractual esencial para os efectos do art. 223.f) (art. 118 TRLCSP):

Incumprimentos da prestación que afecten características desta que se tivesen en conta para definir os criterios de adxudicación, aos cales se atribúe carácter de obriga contractual esencial para os efectos do art. 223.f) (art. 150.6 TRLCSP):

Incumprimentos parciais que poden supoñer causa de resolución do contrato:

X. PRAZO ESPECIAL DE RECEPCIÓN (cláusula 9.1). Art. 222.2 TRLCSP

--

Y. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

<input type="checkbox"/> SI
<input type="checkbox"/> NON

Z. INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL (cláusula 8.6)

--

AA. OBSERVACIONES

--

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA, POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO

ÍNDICE

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN
 - 1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
 - 1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO
 - 1.3. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE
 - 1.4. RECURSOS
 - 1.5. XURISDICIÓN COMPETENTE

2. ELEMENTOS DO CONTRATO
 - 2.1. OBXECTO DO CONTRATO
 - 2.2. VARIANTES
 - 2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE SE DEBEN SATISFACER
 - 2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE/ UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE
 - 2.5. DURACIÓN DO CONTRATO

3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE
 - 3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO

- 3.2. REVISIÓN DE PREZOS
- 3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO
- 3.4. GASTOS DE PUBLICIDADE

4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

- 4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS
- 4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS
- 4.3. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN E/OU HABILITACIÓN

5. LICITACIÓN

- 5.1. ESCRITO DE INVITACIÓN
- 5.2. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS
- 5.3. DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLUIRÁ NOS SOBRES
 - 5.3.1. Información xeral
 - 5.3.2. Sobre A: documentación administrativa
 - 5.3.3. Sobre B: documentación económica e técnica
- 5.4. APERTURA DE PROPOSICIÓNS, NEGOCIACIÓN. ASPECTOS ECONÓMICOS E/OU TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN. CLASIFICACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

6. ADXUDICACIÓN

- 6.1 DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR O LICITADOR SELECCIONADO COA OFERTA MÁIS VANTAXOSA
- 6.2 ADXUDICACIÓN

7. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

8. EXECUCIÓN DO CONTRATO

- 8.1. FORMA DE EXECUCIÓN
- 8.2. PRAZO DE EXECUCIÓN
- 8.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA
- 8.4. PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL
- 8.5. PROXECTO DE OBRAS
- 8.6. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO
- 8.7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
- 8.8. SUBROGACIÓN
- 8.9. PERSOAL DO CONTRATISTA
- 8.10. RESPONSABLE DO CONTRATO
- 8.11. MODIFICACIÓNS DO SERVIZO
- 8.12. CESIÓNS E SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO
- 8.13. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA
- 8.14. SUSPENSIÓN DO CONTRATO
- 8.15. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES
- 8.16. FORMA DE PAGAMENTO
- 8.17. TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

9. FINALIZACIÓN DO CONTRATO

- 9.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO
- 9.2. GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO
- 9.3. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

ANEXOS

Anexo I. Declaración responsable (alternativa ao DEUC)

Anexo II. Orientacións para cubrir o DEUC

Anexo III. Declaración complementaria (no caso de presentación do DEUC)

Anexo IV. Modelo de proposición económica e técnica.

Anexo V. Modelo de declaración responsable sobre a inscrición en rexistros de licitadores e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados

Anexo VI. Datos para a facturación electrónica

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

A presente contratación rexerese polo disposto neste prego, en diante PCAP, no cal se inclúen os pactos e as condicións definidores dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores e, no seu momento, o adxudicatario. Así mesmo, rexerese polo prego de prescricións técnicas particulares, en diante PPT, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación e a súa execución.

En todo o non previsto nos pregos aplicarase o disposto no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante, TRLCSP), no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante, RXCAP), no Real decreto 773/2015, do 28 de agosto, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, na Lei 14/2013, do 6 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, na Lei de Galicia 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación.

O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá o presente prego.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste non exime o contratista da obriga do seu cumprimento.

O adxudicatario, baixo a súa exclusiva responsabilidade, obrigarase ao cumprimento das disposicións vixentes sobre relacións laborais, seguridade social, protección de datos de carácter persoal e calquera outra de carácter xeral.

No suposto de cofinanciamento con fondos europeos, este contrato deberase someter ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude del, e será

coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, e deberá promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

Estando previsto o financiamento do contrato con cargo a fondos comunitarios quedará suxeito á normativa comunitaria, nacional e autonómica que resulte aplicable ás operacións cofinanciadas cn este fondo. En particular, deberán respectarse as disposicións pertinentes do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. Na letra B.4 do cadro de características do contrato sinalarase o fondo e regulamento de aplicación.

1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

A tipificación da presente contratación sinálase na descrición do contrato da portada do presente prego.

No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional quinta do TRLCSP farase constar no título do contrato e na portada do presente prego. Nese caso só poderán presentarse os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral que acrediten ante o órgano de contratación dispoñer de tal cualificación.

1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A adxudicación do contrato levarase a cabo mediante procedemento negociado sen publicidade, de conformidade co que se establece nos artigos 169 a 178 do TRLCSP.

A tramitación do procedemento será ordinaria ou urxente, segundo o indicado na portada deste prego. Cando a tramitación utilizada sexa de urxencia, os prazos para a licitación, adxudicación e formalización do contrato reduciranse á metade, de conformidade co establecido no artigo 112 do TRLCSP.

No caso de que o expediente se tramite como anticipado de gasto regularase conforme a Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, reguladora da tramitación anticipada de gasto, e a execución do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas del nos exercicios correspondentes.

1.4. RECURSOS

A resolución de adxudicación e os actos polos cales se declare deserto un contrato, se renuncie á súa celebración ou se desista do procedemento de contratación iniciado, en canto actos que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, serán susceptibles de recurso de alzada e reposición de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou normativa que a substitúa.

Alternativamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que se computará desde o día seguinte ao da súa notificación.

Os acordos que dite o órgano de contratación no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución serán inmediatamente executivos. Estes poñerán fin á vía administrativa e contra isto poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano ou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación.

1.5. XURISDICIÓN COMPETENTE

A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción do contrato administrativo, derivado do presente expediente, será competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

2. ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización do servizo que se indica na portada do presente prego.

Cando a contratación se fraccione en lotes, o obxecto de cada lote constitúe unha unidade funcional susceptible de realización independente.

Este obxecto corresponde aos códigos da nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e da nomenclatura da Clasificación de produtos por actividades (CPA) que, se é o caso, se indican na portada deste prego.

2.2 VARIANTES

Cando así se indique na letra J do cadro de características do contrato, admitirase a presentación de variantes ou melloras sobre os elementos e nas condicións que no dito cadro se determinan.

2.3 NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE SE DEBEN SATISFACER

As necesidades que hai que satisfacer concrépanse na portada do presente prego.

2.4 REFERENCIA DO EXPEDIENTE, UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA E PERFIL DO CONTRATANTE

A referencia do expediente, a identificación da unidade xestora, o perfil do contratante onde pode obter información adicional sobre esta licitación, así como os datos de contacto coa unidade xestora, encóntranse relacionados na portada do presente prego.

2.5 DURACIÓN DO CONTRATO

2.5.1. A duración do contrato, o prazo de execución total, os prazos de execución parciais, se é o caso, ou a data de inicio do servizo son os que figuran na letra C do cadro de características do contrato. Son indicativos e poderán ser modificados, se é o caso, como consecuencia da negociación.

O prazo de vixencia do contrato non pode ser superior a catro anos, aínda que se pode prever a prórroga antes da finalización daquel, sempre que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, non exceda os seis anos, e que as prórrogas non

superen, illada ou conxuntamente, o prazo fixado orixinariamente. A admisibilidade da prórroga indícase na letra D do cadro de características do contrato.

- 2.5.2. No suposto de contrato de resultado, o prazo máximo de execución empeza a contar desde o día que se estipule no contrato.

De conformidade co establecido no artigo 213.2 do TRLCSP, este prazo de execución poderase prorrogar cando o contratista non poida cumprilo por causas totalmente imprevistas e que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

- 2.5.3. No suposto de contratos de actividade por prezo a tanto global ou por unidades de execución ou de tempo, o prazo máximo de vixencia é o indicado na letra C ou ben ata que se esgotase o seu orzamento máximo, no suposto de que este feito se produza con antelación ao cumprimento do prazo antes sinalado.

O prazo de vixencia poderá ser prorrogado de mutuo acordo, de conformidade co establecido no artigo 303.1 do TRLCSP, se así se indica na letra D do cadro de características do contrato e nos termos que se indican. No suposto de que o contrato se prorrogue, manteranse inalterados os prezos unitarios iniciais, sen prexuízo das posibles revisións de prezos que procedan, de conformidade co establecido na cláusula 3.2 do presente prego.

A execución das unidades que solicite a Administración levarase a cabo de acordo co establecido na cláusula 8 e co estipulado no contrato, nos prazos máximos que se indiquen desde que se formalice cada solicitude.

3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE

3.1 VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO

O orzamento máximo de licitación da presente contratación, excluído o IVE que debe soportar a Administración, figura na letra A do cadro de características do contrato, e poderá ser modificado á baixa como consecuencia da negociación. Indícase, así mesmo, o importe correspondente ao IVE e o importe total do contrato IVE incluído.

No suposto de prezo a tanto global, a letra A.1 indicará o orzamento máximo de licitación.

No suposto de prezo referido a unidades de execución ou de tempo e importe total indeterminado, a letra A.2 indicará os prezos máximos unitarios de licitación, así como o orzamento de gasto máximo ou indicativo que se prevé para o contrato. O gasto efectivo estará condicionado polas necesidades reais da Administración que, polo tanto, non queda obrigada a levar a cabo unha determinada contía de unidades, nin a gastar a totalidade do importe indicado. Ademais, por tratarse dun importe simplemente indicativo, as necesidades reais poderán determinar un incremento deste, caso en que nos contratos a que fai referencia a disposición adicional 34 do TRLCSP deberá tramitarse a correspondente modificación do contrato.

No suposto de que se utilice outro sistema de determinación do prezo do contrato, indicárase o dito sistema na letra A.2, así como o orzamento de gasto máximo que se prevé para o contrato.

No suposto de licitación por lotes, a letra A.3 desagregará o orzamento máximo de licitación por cada un dos lotes, e indicará o orzamento de gasto máximo da totalidade dos lotes.

As anualidades en que se distribúe o gasto, así como o financiamento do contrato, no caso de financiamento conxunto, constarán na letra B do cadro de características do contrato. O órgano de contratación ten a facultade de reaxustar as anualidades cando as exixencias de execución o aconsellen.

O valor estimado do contrato, calculado de conformidade co artigo 88 do TRLCSP, é o que figura na letra A.4 do cadro de características do contrato.

3.2 REVISIÓN DE PREZOS

A procedencia ou non da revisión de prezos, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable á presente contratación, así como o seu sistema de aplicación, se é o caso, indícanse na letra G do cadro de características do contrato. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de prórroga do contrato.

A revisión de prezos terá lugar, se é o caso, cando o contrato se executase polo menos no 20 por cento do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización.

3.3 EXISTENCIA DE CRÉDITO

Dispónse do crédito orzamentario preciso para atender as obrigas que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.

En caso de tramitación anticipada do gasto, a adxudicación do contrato sométese á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente para facer fronte ás obrigas derivadas do contrato.

A consignación orzamentaria das obrigas económicas que derivan do presente contrato figura na letra B do cadro de características do contrato.

3.4 GASTOS DE PUBLICIDADE

Se o órgano de contratación considera necesaria a publicación do contrato, os gastos que orixine a publicación, por unha soa vez, dos anuncios do presente procedemento, nos correspondentes boletíns oficiais, serán por conta do adxudicatario do contrato, sen que se poida imputar á Administración contratante ningún pagamento por tal concepto. O importe total máximo destes gastos de publicidade sinálase na letra P do cadro de características do presente prego.

4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1 CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

4.1.1. Segundo o disposto nos artigos 54 a 60 do TRLCSP, poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se encontren comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 60 do TRLCSP.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios, e deberán dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea teñen capacidade para contratar sempre que, consonte a lexislación do Estado en que estean establecidos, se encontren habilitados para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

4.1.2 No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional quinta do TRLCSP, só se poderán presentar á presente licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos que acrediten ante o órgano de contratación dispoñer de tal cualificación.

4.1.3 Non poderán concorrer á licitación aqueles empresarios que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do presente contrato, sempre que a dita participación poida provocar restricións á libre concorrència ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto dos licitadores.

4.1.4. As persoas que contraten coa Administración poderán facelo por si mesmas ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

4.1.5 Se durante a tramitación do procedemento e antes da adxudicación se produce a extinción da personalidade xurídica da empresa licitadora por fusión, escisión ou pola transmisión do seu patrimonio empresarial, sucederlle na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibicións de contratar e acredite a solvencia nas condicións exixidas neste prego para participar no procedemento de adxudicación.

4.2 UNIÓNS DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 59 do TRLCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

4.3 SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN E/OU HABILITACIÓN

Para contratar coa Administración, as persoas físicas ou xurídicas deben acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, salvo que no prego se estableza que esta acreditación non é obrigatoria a teor do disposto no artigo 11.5 do Regulamento

xeral da Lei de contratos das administracións públicas (contratos de servizos cuxo valor estimado non exceda os 35.000 €). Esta circunstancia reflectirase na letra F.0. do cadro de características do presente prego.

A solvencia acreditarase indistintamente mediante a clasificación (optativa) ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos exixidos neste prego.

Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, a través dos medios de xustificación que figuran nos números 2 e 3 da letra F do cadro de características do contrato ou da clasificación indicada na letra F.1.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia técnica, económica e financeira a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois, tal como se indica na letra f.4 do cadro de características do contrato.

A acreditación da solvencia poderase realizar ou completar cos medios que consten no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXCG).

Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos citados no artigo 84.1 do TRLCSP.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

Ademais da solvencia exixida, se é o caso, nos números 1 a 4 da letra F, o órgano de contratación pode exixir a adscrición á execución do contrato, como mínimo, dos medios persoais e/ou materiais que se indican na letra F.5. Se non se indica nada, enténdese que non existen exixencias adicionais.

Nos supostos en que se indicase algunha exixencia na letra F.5 do cadro de características do contrato, e así se indique expresamente, no presente contrato exíxese, de conformidade co artigo 64 do TRLCSP, que os licitadores concreten as condicións de solvencia mediante:

- A especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación.

- O compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente.

Neste caso, o órgano de contratación pode atribuír a estes compromisos o carácter de obrigas esenciais para os efectos previstos no artigo 223.f) do TRLCSP ou establecer penalidades de conformidade co artigo 212.1 do TRLCSP e a cláusula 8.15 deste prego.

Os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa exixible para a realización da actividade ou prestación obxecto do contrato.

No suposto en que se exixa unha habilitación empresarial ou profesional para a realización da actividade ou prestación obxecto do contrato, poderá especificarse esta na letra F.6 do cadro de características do contrato, e o licitador deberá, non obstante, acreditar que conta coas habilitacións exixidas pola normativa que sexa de aplicación.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia exixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

5. LICITACIÓN

5.1 ESCRITO DE INVITACIÓN

5.1.1. O órgano de contratación, a través da unidade administrativa de contratación, cursará petición de ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, se isto é posible, coas cales negociará os aspectos técnicos e/ou económicos sinalados na letra K do cadro de características do contrato.

O convite poderá limitarse a unha única empresa cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 170, alíneas d) e f), ou no artigo 174, alínea b) do TRLCSP.

De conformidade co artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as empresas convidadas nos procedementos negociados non poderán estar vinculadas entre elas. Esta vinculación apreciarase nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Así mesmo, non serán convidadas empresas que actúen baixo unidade de decisión ou unha dirección única; en particular, cando a maioría dos membros do órgano de administración da sociedade dominada sexan membros do órgano de administración ou altos directivos da sociedade dominante ou doutra dominada por esta.

5.1.2. A comunicación con cada empresario farase mediante escrito de invitación que, como mínimo, deberá conter a información seguinte:

- Obxecto do contrato.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, se é o caso, ou indicación da forma de acceso a estes documentos.
- Lugar e prazo de presentación das súas proposicións.

As invitacións poderanse remitir por correo ou utilizando calquera dos medios electrónicos, informáticos ou telemáticos que permitan deixar constancia da súa recepción.

5.2 PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

5.2.1. Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán dous sobres sinalados coas letras **A (documentación xeral)** e **B (documentación económica e técnica)**, respectivamente.

Os sobres presentaranse da seguinte maneira:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación, no seu exterior, do NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

- Ademais, os licitadores que se encontren inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público deberán facelo constar no exterior do sobre A (con indicación do nº de inscrición do rexistro galego, se é o caso).

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público serán incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico a estes certificados ou, na súa falta, achegarán copia del.

5.2.2. Os sobres entregaranse no rexistro do órgano de contratación que se sinala na letra I do cadro de características do presente prego, no enderezo e horario sinalados. As oficinas receptoras darán recibo de cada proposición ao presentador, no cal constará o nome do licitador, a denominación do contrato obxecto da licitación e o día e hora da presentación. Unha vez entregada a proposición no rexistro, non poderá ser retirada.

5.2.3. Como alternativa á presentación no rexistro, os licitadores poderán enviar as proposicións por correo. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de Correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax, burofax ou telegrama no mesmo día, tal e como se indica na letra I do cadro de características. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data en que finaliza o prazo sinalado na carta de invitación.

Transcorridos, non obstante, os dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez remitida a proposición por correo non poderá ser retirada.

5.2.4. O prazo de presentación será o sinalado na carta de invitación, contado a partir do día seguinte ao da súa recepción. Se o día resultante cadra sábado ou inhábil será o primeiro día hábil seguinte.

5.2.5. Os interesados deberán presentar as súas ofertas referidas á totalidade dos servizos obxecto do contrato. Non obstante, de haber lotes, os interesados poderán presentar ofertas referidas a un, a varios ou á totalidade dos lotes, salvo que na letra B3 do cadro de características do contrato se limite o número de lotes a que se poden

presentar. Os interesados especificarán no exterior do sobre B, se é o caso, a oferta correspondente a cada lote.

5.2.6. Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, ou do lote ou lotes a que licite. Cando se permita a presentación de variantes ou melloras na letra J do cadro de características do contrato, as variantes ou melloras que inclúa na súa oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

5.2.7. O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. No suposto de que haxa lotes, esta prohibición tamén será de aplicación en relación con cada lote da licitación.

5.2.8. O incumprimento das normas contidas nos dous puntos anteriores dará lugar á non admisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.

5.2.9. A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

5.2.10. De acordo co establecido no número 2 do artigo 22, da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o órgano de contratación, en función da natureza e complexidade do contrato, poderá establecer na letra AA do cadro de características un prazo para que os licitadores poidan solicitar, ao enderezo de correo electrónico sinalado na portada, as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e emitiranse no prazo máximo sinalado na dita letra.

5.3 DOCUMENTACIÓN QUE SE INCLUIRÁ NOS SOBRES

5.3.1. Información xeral

- Excepto o documento acreditativo da garantía provisional, que se deberá achegar en orixinal, o licitador poderá presentar toda a documentación que a continuación se relaciona en documentos orixinais, copia ou fotocopia deles, debidamente lexitimadas por notario ou fotocopias compulsadas por funcionario da Xunta de Galicia.

- En todo caso, os licitadores presentarán os seus documentos en idioma castelán ou galego. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para lingua galega ou castelá.

- En todo caso, a proposición dos licitadores deberá ser completa e coherente, de maneira que a súa consideración de modo conxunto non presente contradicións que a fagan inviable, o que daría lugar á súa exclusión.

- Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse nos anexos I ou III (declaración responsable) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, na marxe ou de calquera outra forma visible.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase improcedente.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algún/s dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (de calquera forma ou na marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifique os motivos ou circunstancias de acordo cos cales se debe recoñecer este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 12 do Regulamento xeral da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro. Estes documentos son aqueles a que fan referencia os artigos 75 a 78 do TRLCSP, nos cales se enumeran os medios para acreditar a solvencia dos licitadores.

Tamén terán carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter

confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade das empresas ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir qué documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador ou candidato da solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.

- Os licitadores deberán identificar os documentos achegados na súa oferta que teñan tal carácter e deixaro constancia disto (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifique os motivos ou circunstancias de acordo cos cales se debe recoñecer este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.

- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes manifestasen.

- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar qué documentación se debe considerar confidencial, exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

5.3.2. Sobre A: documentación xeral

Deberá ter o seguinte título: **SOBRE A: documentación xeral para tomar parte na contratación do [...] (expte. ../.....).**

O seu contido será o seguinte:

a) Declaración do licitador que indique que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. Para tal fin os licitadores contan con dúas opcións:

- a achega do DEUC (documento europeo único de contratación) ou
- a achega da declaración responsable para a contratación documentalmente simplificada que consta como anexo I do presente prego (artigo 24 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico)

O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituíndo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo cal se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).

Pode accederse a el en formato electrónico en <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=es>. O formulario, dispoñible en castelán, poderá, nese sitio, cubrirse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Tamén se pode acceder ao formulario DEUC na web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, en formato .odt:

- versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar a súa formalización o ANEXO II contén instrucións para elaborar o formulario DEUC.

Co DEUC sempre se deberá presentar a declaración complementaria que se xunta ao presente prego como ANEXO III.

Non obstante o indicado nesta alínea a), de acordo co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos presenten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións

establecidas para ser adxudicatario do contrato. Esta documentación deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que o licitador recibise o requirimento.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuizamento de acordo coa lexislación nacional, en caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información exixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se cumpren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

b) Compromiso de constitución de unión temporal de empresarios (UTE), de ser o caso. Cando dous ou máis empresarios acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia e deberá indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, no caso de resultar adxudicatarios (art. 59 TRLCSP e 24 RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que se poidan outorgar para cobramentos e pagamentos de contía significativa.

O documento deberá estar asinado polos representantes de cada un dos empresarios compoñentes da UTE.

c) Declaración dos lotes a que se concorre. Se o contrato admite a súa división en lotes, o licitador deberá expresar, mediante unha declaración, o lote ou lotes a que presenta a súa oferta. O órgano de contratación poderá determinar o número de lotes a que se pode presentar un único licitador. Tal información farase constar na letra B.3 do cadro de características do presente prego.

d) Constitución da garantía provisional, se procede. Salvo que na letra H.1 do cadro de características do contrato se indique que non procede, os licitadores deberán constituír una garantía provisional polo importe alí fixado, que corresponderá como máximo ao 3 % do orzamento de licitación (IVE excluído).

En caso de existiren lotes e que así se indique expresamente, os licitadores deberán constituír una garantía provisional, que corresponderá, como máximo, ao 3 % do orzamento establecido para o lote ou lotes a que se licite, IVE excluído, na letra A.3 do cadro de características do contrato. Neste caso, o xustificante da garantía provisional debe ir acompañado dunha relación detallada dos lotes a que se licita.

A garantía provisional poderase prestar en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP.

A garantía provisional deberá constituírse de acordo coas normas establecidas no artigo 103 do TRLCSP, así como na normativa de desenvolvemento e na normativa autonómica que sexa de aplicación.

Se se constitúe en metálico ou títulos valores debe presentarse o xustificante acreditativo da dita garantía ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se se constitúe en forma de aval ou por contrato de seguro de caución, presentarse o propio aval ou o contrato de seguro.

No suposto de unións temporais de empresas, a garantía provisional poderán constituíla unha ou varias das empresas participantes na unión, sempre que en conxunto se alcance a contía exixida e garanta solidariamente todos os integrantes da unión.

e) No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional quinta do TRLCSP, os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral deberán acreditar dispoñer de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

5.3.3. Sobre B: documentación económica e técnica

Deberá ter o seguinte título: SOBRE B: documentación económica e técnica para tomar parte na contratación do [...] (expte. ../.....).

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

a) Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.

b) Proposición económica, que se axustará ao modelo establecido que se xunta como ANEXO IV deste prego.

A oferta efectuarase pola totalidade do servizo, incluíndo nela todo tipo de impostos, arbitrios ou taxas exixibles. Indicarase o importe IVE excluído e, a seguir, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. Tamén se debe indicar o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta.

Esta mesma información farase constar, de forma desagregada, no caso de que haxa lotes ou de que se trate dunha licitación con prezos unitarios.

A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para iso.

Serán inadmisibles as ofertas de maior contía da que figura na letra A do cadro de características como orzamento de licitación, de tal maneira que nin a cantidade sen IVE, nin a partida correspondente ao IVE, nin o sumatorio de ambas poderán exceder este importe.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de que nas ofertas exista contradición entre a cantidade expresada en número e letra, primará a expresada en letra.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

Para os efectos do disposto no artigo 152 do TRLCSP, os criterios adoptados para a determinación e a consideración de ofertas desproporcionadas ou anormais nas proposicións económicas son os que figuran na letra M do cadro de características.

A oferta presentarase sen omisións, erros ou riscaduras que dificulten coñecer claramente o que a Administración xulgue fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

c) Cando así se exixise na letra S do cadro de características do contrato, este sobre tamén conterá a declaración sobre a intención de celebrar subcontratos a que se refire o artigo 227.2.a) do TRLCSP e o artigo 29.3.b da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

d) Documentación técnica. Nela incluírase calquera documentación xustificativa dos aspectos especificados na letra K do cadro de características como obxecto de negociación, así como calquera outra documentación non comprendida nas liñas anteriores e que se exixa no prego de prescricións técnicas ou que se considere oportuno presentar por parte do licitador.

e) Para resolver os posibles empates, presentarase a acreditación das circunstancias a que fai referencia a letra N do cadro de características do contrato:

- Para os efectos de acreditar o criterio de preferencia vinculado ao número de traballadores con discapacidade superior ao 2% nos termos da D.A. 4º.2, os licitadores deberán achegar a seguinte documentación:

- Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total do cadro de persoal.

- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.

- Relación dos traballadores fixos discapacitados xunto coa resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
- Contrato de traballo dos traballadores discapacitados.
- Para os efectos de acreditar o segundo e o terceiro dos criterios de preferencia relacionados na letra N do cadro de características, deberán achegar, se é o caso, documentación xustificativa de ter implantado un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca galega de excelencia en igualdade de conformidade co establecido nos artigos 67 e 75 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Para os efectos de acreditar o cuarto dos criterios de preferencia relacionados na letra N do cadro de características, os licitadores deberán achegar a xustificación de ter establecido a favor dos seus traballadores/as medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral (art. 29.4 da Lei 3/2011).
- Para os efectos de acreditar o quinto, sexto ou sétimo dos criterios de preferencia relacionados na letra N do cadro de características, os licitadores deberán achegar documentación xustificativa da súa cualificación como empresas de inserción, como entidades sen ánimo de lucro ou como entidades recoñecidas como organizacións de comercio xusto, nos termos da D.A. 4º.3, 4 e 5.

5.4 APERTURA DE PROPOSICIÓNS. NEGOCIACIÓN. ASPECTOS ECONÓMICOS E TÉCNICOS OBXECTO DE NEGOCIACIÓN. CLASIFICACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

5.4.1. De conformidade co disposto no artigo 320 do TRLCSP, neste procedemento negociado non se constituirá mesa de contratación.

O órgano de contratación designará, entre o persoal dependente, a persoa ou persoas que considere oportuno para que analicen as ofertas presentadas, que procederán á apertura e exame da documentación xeral.

5.4.2 Concluído o prazo de presentación de proposicións, o persoal designado procederá á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores.

Non se cualificará a documentación presentada polos licitadores en lugar do DEUC ou declaración responsable do licitador. Tampouco a documentación que se achegue xunto con algún deses dous documentos.

Se observa defectos ou omisións emendables no DEUC ou declaración responsable ou no resto da documentación presentada, notificarallo ao licitador correspondente e deixará

constancia da dita notificación no expediente. Concederáselle un prazo non superior a tres días hábiles para que os emende.

A comunicación dos defectos ou omisións emendables poderase realizar por fax ou por correo electrónico e deixarase constancia disto no expediente.

A documentación que presente o licitador neste momento deberá estar á disposición da unidade administrativa de contratación antes da finalización do prazo para emendar.

A falta de emenda en prazo dos defectos ou omisións advertidos dará lugar á exclusión.

Se a documentación dun licitador contén defectos emendables ou deficiencias materiais non emendables, non será admitido á licitación.

5.4.3. O órgano encargado da negociación será a comisión negociadora integrada polo persoal que se cita na portada do presente prego.

5.4.4. A negociación desenvolverase a través do seguinte procedemento:

O órgano encargado da negociación preparará un informe inicial de valoración no cal se avaliarán as proposicións económicas e técnicas presentadas en relación cos criterios de adxudicación previstos na letra K do cadro de características. No dito informe expresaranse as características e vantaxes de cada unha das ofertas.

O informe inicial realizarase de tal forma que non recolla información facilitada polos empresarios que estes designen como confidencial e, en particular, segredos técnicos ou comerciais.

Invitaranse por escrito os licitadores para negociar os termos das súas ofertas poñendo no seu coñecemento o informe inicial antes citado. Nesta comunicación non se identificarán os empresarios que presentaron o resto das proposicións e velarase por que todos os interesados reciban igual trato. En ningún caso se facilitará, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a algún interesado con respecto ao resto. En particular, non se lles poderán revelar aos demais participantes as solucións propostas por un participante ou outros datos confidenciais que este lles comunique sen acordo previo dese participante.

As negociacións poderanse realizar por escrito, por comparecencia ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos e deixaase constancia disto no expediente.

Os licitadores poderán presentar nun prazo de tres días a súa contestación, por escrito, en sobre pechado dirixido ao órgano encargado da negociación, depositándoa no rexistro do órgano, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.

A contestación do licitador poderá reformular ou mellorar os termos da súa oferta inicial ou indicar que se mantén nos termos orixinais.

No suposto de que durante a negociación se poñan de manifesto novos aspectos que sexa conveniente incorporar a ela, informarase a todos os empresarios participantes para que poidan, se é o caso, incluílos nas súas ofertas ou nas súas negociacións.

As novas ofertas que se presenten deberán estar sempre orientadas globalmente á mellora das súas condicións iniciais. Deberán sempre concretar a mellora que se ofrece, polo que non se admitirá a oferta xeral de igualar os termos da oferta máis vantaxosa doutro licitador no criterio ou criterios considerados.

O órgano de contratación poderá articular o procedemento negociado en fases sucesivas, co fin de reducir progresivamente o número de ofertas que se negociarán mediante a aplicación de criterios de adxudicación. Entenderase que nesta contratación existirán fases sucesivas cando na letra L do cadro de características do contrato se indiquen as fases e os criterios de adxudicación que se van utilizar.

Á vista do resultado da presentación de novas ofertas ou en caso de empate, o órgano negociador poderá convocar todos os licitadores a un acto presencial no cal se poderán formular aclaracións das ofertas presentadas e realizar unha última rolda de negociación coa posibilidade de efectuar novas melloras. Os representantes dos licitadores que asistan ao acto deberán acreditar que dispoñen de poderes suficientes para mellorar as proposicións presentadas.

Aberta a rolda de negociación presencial, o órgano negociador convidará os asistentes á mellora, nese acto e oralmente, das ofertas presentadas. A rolda de negociación pecharase unha vez que se constate que os licitadores non realizan novas melloras.

Do resultado dese acto levantarase acta, que será asinada polos compoñentes do órgano negociador e polos licitadores.

Unha vez efectuadas as actuacións anteriores, o órgano encargado da negociación declarará concluída a fase de negociación e dará traslado ao órgano de contratación dos resultados desta, xunto co expediente correspondente á fase de negociación e un informe técnico coa valoración das ofertas presentadas de acordo cos criterios de adxudicación establecidos no prego.

En particular, daráselle traslado ao órgano de contratación das proposicións presentadas que incumprisen as prescricións do prego non susceptibles de negociación, para os efectos de que este acorde a súa exclusión.

O órgano de contratación valorará as proposicións dos licitadores. Para este efecto, tras solicitar, se é o caso, os informes técnicos que coide convenientes, clasificará as proposicións presentadas, por orde decrecente, atendendo ao resultado da negociación realizada.

5.4.5. O órgano de contratación poderá establecer na letra M do cadro de características do contrato os parámetros obxectivos en virtude dos cales se entenderá que as ofertas presentadas non poden ser cumpridas por ser consideradas desproporcionadas ou anormais.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal, deberá darse audiencia ao licitador afectado e tramitarse o procedemento previsto nos números 3 e 4 do artigo 152 do TRLCSP.

5.4.6. No caso de contratación por lotes, o órgano de contratación poderá establecer na letra B.3 do cadro de características do contrato unha limitación na adxudicación dos lotes a un mesmo licitador garantindo que se poidan realizar de acordo coas condicións de solvencia que acredítase. Para tal fin, na mesma letra estableceranse as regras que se aplicarán na súa determinación.

5.4.7. No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación, a proposta de adxudicación realizarase a favor do licitador que acredítase algunha das circunstancias que, para o desempate, se sinalaron na letra N do cadro de características que vai co prego.

Se malia todo isto aínda persiste a igualdade, o adxudicatario será seleccionado mediante un sorteo, que se levará a cabo en acto público.

5.4.8. En atención ao establecido no artigo 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito, do que teñan coñecemento no exercicio das súas funcións, que poida constituír infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

6. ADXUDICACIÓN

6.1. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ PRESENTAR O LICITADOR SELECCIONADO COA OFERTA MÁIS VANTAXOSA

6.1.1. De conformidade co disposto nos artigos 146.1 do TRLCSP e 24 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o órgano de contratación requirirá o licitador para que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles (5 días se é un procedemento urgente) contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) Personalidade xurídica do empresario e, se é o caso, a súa representación. Documento nacional de identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escrituras de constitución, e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa exigible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o for, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, presentárase o correspondente documento en que conste que o poder é declarado suficiente por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, en caso de que actuase en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estaren inscritos nalgún dos rexistros que se indican no anexo I do RXLCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, en que se faga constar que figuran inscritos no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, na súa falta, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán presentar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa orixe admite, pola súa vez, a participación de empresarios españois na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

b) A acreditación da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de conformidade co establecido na cláusula 4.3 deste prego e a letra F do cadro de características do contrato.

Cando o licitador pretenda acreditar a súa solvencia mediante a solvencia e medios doutras entidades, de conformidade co artigo 63 do TRLCSP e a cláusula 4.3 deste prego, deberá xustificar a suficiencia deses medios externos e presentar o correspondente documento de compromiso de disposición. Este compromiso deberá facer referencia expresa ao contrato obxecto do procedemento de adxudicación.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar que todas as empresas que integran a unión dispoñen da solvencia económica, financeira e técnica ou profesional. Para efectos de determinala, acumularanse as características acreditadas por cada unha das empresas integrantes dela.

c) De ser requirida na letra F.6 do cadro de características, presentárase a habilitación empresarial ou profesional que, se é o caso, sexa exigible para a realización da actividade ou prestación obxecto do contrato.

Unha vez presentada a documentación, a unidade xestora do expediente de contratación procederá á cualificación da documentación presentada polo licitador.

Se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, notificarallo ao licitador e deixará constancia da dita notificación no expediente. Concederáselle un prazo non superior a tres días hábiles para que os emende.

A comunicación dos defectos ou omisións emendables poderase realizar por teléfono, por fax ou por correo electrónico.

A documentación que presente o licitador neste momento deberá estar á disposición da unidade xestora do expediente de contratación antes da finalización do prazo para emendar.

Para efectos de completar a acreditación da capacidade e a solvencia do licitador, poderanse solicitar deste as aclaracións que se consideren oportunas sobre os certificados e documentos presentados, así como requirilo para a presentación doutros documentos complementarios.

De non se cumprir o requirimento no prazo sinalado ou de non se emendasen en prazo os defectos ou omisións advertidos, ou no caso de que a documentación do licitador conteña defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e nese caso solicitarase a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que fosen clasificadas as ofertas, e incautarase a garantía provisional que, de ser o caso, o licitador constituíse.

6.1.2. De conformidade co establecido no artigo 151.2 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá o licitador para que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do mesmo prazo, presente a documentación xustificativa seguinte:

a) Salvo que o licitador autorizase a Administración a obtela de forma directa, presentárase a documentación xustificativa de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. En concreto a documentación que hai que xustificar neste punto é a seguinte:

- Certificación da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

- Certificado expedido por a Axencia Tributaria de Galicia, en que conste que non ten débedas pendentes de natureza tributaria coa Facenda pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se encontra ao día no pagamento das súas obrigas tributarias.

- Documento que acredite estar dado de alta no imposto sobre actividades económicas, mediante presentación da alta, referido ao exercicio corrente, ou do último recibo do IAE completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No suposto de encontrarse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá presentar o documento de alta e unha declaración responsable en que se acredite a dita circunstancia.

Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de estar ao día no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, deberán presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, en que se acredite que están ao día no cumprimento das obrigas sociais que se exixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste punto deberase referir aos doce últimos meses.

b) Acreditación da constitución da garantía definitiva por importe do 5 % do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE, ou do orzamento de licitación, cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios; ou do prezo máximo fixado, no caso dos contratos con prezos provisionais (letra H.2 do cadro de características do contrato). Esta porcentaxe calcularase segundo os ditos importes con exclusión do IVE.

Non será precisa a constitución desta garantía cando o adxudicatario constituíse no mesmo prazo, ou con anterioridade a el, garantía global por importe suficiente ante a Administración contratante, nos termos previstos no artigo 98 do TRLCSP, e se acredite a súa existencia e suficiencia de conformidade co artigo 98.4 do TRLCSP.

Se así se fai constar na letra H.3 do cadro de características do contrato, e de acordo co previsto no artigo 95.2 do TRLCSP, será obrigatorio constituír unha garantía complementaria dun máximo do 5 % do importe de adxudicación do contrato, pola porcentaxe indicada no dito cadro.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP, na normativa de desenvolvemento e na normativa autonómica que sexa de aplicación, e depositarse na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (Consellería de Facenda), a favor do órgano de contratación.

No caso de que así se indique na letra H.2 do cadro de características do contrato, a garantía poderá constituírse, por instancia do licitador, mediante retención no prezo. Esta retención levarase a cabo no primeiro aboamento e nos sucesivos, se for necesario ou, se é o caso, no pagamento do importe total do contrato.

Cando, como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu valor, reaxustarase a garantía no prazo de quince días, contados desde a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 99 do TRLCSP.

No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións exixibles ao adxudicatario, este deberá repoñer ou ampliar aquela, na contía que corresponda, no prazo de quince días desde a execución, no caso contrario incorrerá en causa de resolución.

Nos supostos en que a natureza do obxecto do contrato permita a comprobación inmediata da súa correcta execución no momento da súa recepción, se así se fai constar expresamente na letra H.2 do cadro de características do contrato, non se exige a prestación da garantía definitiva.

c) Ademais, o licitador deberá, se é o caso, e de acordo co previsto na cláusula 4.3 e a letra F.5 do cadro de características do contrato do presente prego, especificar os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación e/ou achegar o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais indicados, así como presentar os documentos que acrediten a efectiva disposición dos medios que se comprometese a adscribir á execución do contrato.

d) O licitador deberá acreditar o aboamento dos anuncios desta licitación nos boletíns oficiais e na prensa, se os houber, ata o límite máximo indicado na letra P do cadro de características do contrato.

Toda a documentación que presente o licitador deberá ser documentación orixinal ou ben copias debidamente lexitimadas por notario ou fotocopias compulsadas por funcionario da Xunta de Galicia.

Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá.

De non se cumprir adecuadamente o requirimento da documentación contida neste punto no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e procederase a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orden en que quedasen clasificadas as ofertas.

6.1.3. A presentación polo licitador do certificado de estar inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector público ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia eximirá de achegar a documentación relativa á personalidade e capacidade de obrar, e a representación, así como a habilitación profesional ou empresarial e, se é o caso, a solvencia económica e financeira ou a clasificación que, respectivamente, se requiran ou se consideren bastantes neste contrato, sen prexuízo da obriga de presentar a documentación exixida que non conste no dito certificado.

Este certificado debe ir acompañado en todo caso dunha declaración responsable na cal o licitador manifieste que as circunstancias reflectidas nel non experimentaron variación. Esta declaración está recollida no anexo V do presente prego.

6.1.4. Tamén se eximirá de presentar a documentación que sexa obxecto da autorización do licitador para que a Administración realice a consulta directa de datos dos organismos emisores. Para tal fin deberá cubrirse o punto 2 da declaración que se xunta como anexo I ou, se é o caso, como anexo III.

6.2. ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Este prazo quedará en suspenso mentres non transcorrese o prazo concedido, se é o caso, para emendar.

A adxudicación do contrato deberá ser motivada e conter, en todo caso, a información precisa e necesaria que permita ao licitador excluído interpoñer, fundadamente, o recurso que proceda. Será de aplicación á motivación da adxudicación a excepción de confidencialidade contida no artigo 153 do TRLCSP.

A adxudicación notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación. A notificación poderase efectuar por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. Para estes efectos poderase efectuar por correo electrónico ao enderezo que os licitadores designasen ao presentar as súas proposicións.

O órgano de contratación adxudicará o contrato no prazo máximo de dous meses, contado desde a finalización do prazo de presentación das ofertas, ao licitador que presentase a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa. A adxudicación concretará e fixará os termos definitivos do contrato. Transcorrido este prazo sen se ter producido a adxudicación, os licitadores poderán retirar as súas ofertas e, se é o caso, as garantías provisionais constituídas.

A adxudicación deberá ditarse, en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos exixidos no prego de cláusulas e non poderá en tal caso declararse deserta a licitación.

Non obstante, nos termos previstos no artigo 155 do TRLCSP, o órgano de contratación, antes de ditar a adxudicación, poderá renunciar a celebrar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este teña defectos non emendables.

En caso de que se exixise a constitución da garantía provisional, esta extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada aos licitadores que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

7. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

7.1. O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo establecido no artigo 156 do TRLCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao cal se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas.

Se é o caso, incluírase a declaración á cal se refiren as cláusulas 8.6 e 8.7 deste prego sobre confidencialidade e protección de datos de carácter persoal.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o NIF asignado.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O contrato deberá ser suscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo e será título válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, e serán pola súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se pode formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional, que, se é o caso, se exixise.

Se as causas de non formalización fosen imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle puider ocasionar.

7.2. Cando o contrato implique o acceso do contratista a ficheiros que conteñan datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable no sentido do artigo 3.d) da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento, para os efectos establecidos na dita lei orgánica e na súa normativa de desenvolvemento.

O acceso non se considerará comunicación de datos, por ser necesario para a realización da prestación do obxecto do contrato.

En todo caso, e cando o contratista teña acceso a ficheiros en que consten datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable, será necesario que no contrato, ou nun documento independente, se inclúan as cláusulas precisas co obxecto de regular o dito acceso, nos termos e co contido previstos na LO 15/1999 e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos establecidos na disposición adicional 26 do TRLCSP.

7.3. As proposicións económicas presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente.

A documentación restante presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios, fóra da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres

meses contados desde o día seguinte á notificación da adxudicación aos licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela nos supostos de que interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración dispoñerá da documentación non retirada polos licitadores e quedará exenta de toda responsabilidade sobre ela.

8. EXECUCIÓN DO CONTRATO

8.1. FORMA DE EXECUCIÓN

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, documentos que teñen carácter contractual.

O contratista está obrigado a cumprir coas condicións especiais en relación coa execución do contrato que, de conformidade co artigo 118 do TRLCSP, se establecesen na letra O do cadro de características do contrato deste prego.

Se é o caso, o lugar de entrega ou da prestación do servizo realizarase no indicado na letra T do cadro de características do contrato.

8.2. PRAZO DE EXECUCIÓN

O contratista está obrigado a cumprir o prazo de execución do contrato que se recolle na letra C do cadro de características do presente prego.

No caso de contratos por unidades de obra ou de tempo, o contrato executarase mediante a realización de tantas unidades das que integran o obxecto do contrato como sexan solicitadas pola Administración e deberá executarse o traballo obxecto do contrato no prazo máximo sinalado na letra C do cadro de características do presente prego ou no que ofertase o contratista na súa proposición, se for menor.

No suposto en que o contrato sexa de tracto sucesivo, o contratista estará obrigado a presentar un programa de traballo, cando así se indique na letra Q do cadro de características do contrato, que deberá ser aprobado polo órgano de contratación.

8.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

A execución do contrato realizarase por risco e ventura do contratista.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista será responsable igualmente dos danos e perdas que se orixinen durante a execución do contrato, tanto para a Administración como para terceiros, por defectos ou insuficiencias técnicas do seu traballo, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que o traballo incorrese, de acordo co establecido no artigo 305 do TRLCSP. Se o contrato se executa de forma compartida con máis dun profesional, todos responderán solidariamente.

Cando o contratista, ou persoas dependentes del, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá exixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

8.4. PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

O contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e serán responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións a el imputables.

A cesión abrangue todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.; todo isto incluíndose calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos encóntrase comprendido no da licitación e a Administración contratante non estará obrigada a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A execución do contrato comporta a cesión á Administración contratante do dereito de uso dos ditos produtos, e esta poderá, ademais, autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3.1 do TRLCSP.

8.5. PROXECTO DE OBRAS

No suposto en que o obxecto do contrato sexa a elaboración dun proxecto de obras, o contratista redactor do proxecto deberá entregar o proxecto obxecto da contratación acompañado dunha copia en soporte informático.

Serán responsabilidade do contratista os danos e perdas que durante a execución ou explotación das obras se causen tanto á Administración como a terceiros por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto, ou polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que este incorrese imputables a aquel, de acordo co establecido no artigo 312 do TRLCSP, con excepción dos defectos que se poidan apreciar que sexan consecuencia directa e inmediata dunha actuación ou orde da Administración.

Así mesmo, se o orzamento de execución da obra prevista no proxecto se desvía en máis dun 20%, tanto por exceso como por defecto, do seu custo real, como consecuencia de erros ou omisións imputables ao contratista, este deberá aboar unha indemnización á Administración, de conformidade co establecido no artigo 311 do TRLCSP.

No suposto de que o obxecto da contratación inclúa a dirección de obra, ben en misión completa ou ben en misión parcial, e no contrato de execución da obra se admita a subcontratación, o director da obra deberá velar polo correcto cumprimento dos requisitos e réxime establecidos na normativa reguladora da subcontratación no sector da construción.

8.6. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO

O contratista deberá gardar sixilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos ou os seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo do órgano de contratación.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O órgano de contratación poderá especificar as ditas materias na letra Z do cadro de características do contrato deste prego ou no contrato. O licitador seleccionado

coa oferta máis vantaxosa deberá presentar unha declaración responsable na cal se comprometa á dita obriga contractual.

8.7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se realizará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento do seu desenvolvemento, e será, así mesmo, de aplicación a disposición adicional vixésimo sexta do TRLCSP e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del, e en particular:

- O contratista, tratará os datos única e exclusivamente conforme as instrucións que reciba do responsable do ficheiro e comprométese a que o persoal manteña a obriga de segredo profesional ao respecto destes e non os comunicará a outras persoas, en ningún caso, para a súa conservación. Para tal efecto, os empregados da empresa adxudicataria deberán asinar con ela un pacto de confidencialidade.
- O contratista, na súa condición de encargado do tratamento, garantirá a adopción e implementación das medidas de seguridade correspondentes ao tipo de datos tratados en atención ao disposto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.
- O contratista, na súa condición de encargado do tratamento, non aplicará nin utilizará tales datos con fins distintos aos derivados da natureza do contrato. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as cláusulas anteriores será considerado, tamén, responsable do tratamento, e responderá das infraccións en que incorrese persoalmente. Non obstante, o adxudicatario non incorrerá en responsabilidade cando, logo de indicación expresa do responsable de tratamento, comunique os datos a un terceiro designado por aquel, que terá a consideración de encargado do tratamento e, por tanto, deberá axustarse ás instrucións do responsable do ficheiro.
- O contratista non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos á prestación dos servizos de que é obxecto este prego, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.
- O adxudicatario non poderá utilizar as redes de comunicacións situadas nas instalacións do responsable do ficheiro para transmitir datos procedentes dos ficheiros desta última con destino a terceiros e, en caso de que as ditas redes

sexan da súa titularidade, adoptará sobre elas as medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso de terceiros non autorizados.

Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do ficheiro o mesmo que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Non procederá a destrución dos datos cando exista unha previsión legal que exixa a súa conservación; neste caso deberase proceder á súa devolución.

En caso de incumprimento do estipulado, o adxudicatario e os técnicos que formen parte do equipo de traballo serán responsables das infraccións que deriven deste.

O órgano de contratación reserva para si o dereito de efectuar en calquera momento os controis e auditorías que considere apropiados co fin de verificar o correcto cumprimento desta cláusula.

8.8. SUBROGACIÓN

Nos casos en que así o exixa a normativa vixente, o contratista terá a obriga de subrogarse como empregador nas relacións laborais dos traballadores. A relación e as condicións laborais destes traballadores detállanse no documento anexo a este prego.

Cando se produza esta subrogación, o contratista deberá proporcionar ao órgano de contratación, por requirimento deste, a información relativa ao número e condicións laborais dos traballadores que deban ser obxecto de subrogacións sucesivas.

8.9. PERSOAL DO CONTRATISTA

O adxudicatario, baixo a supervisión do responsable do contrato, achega a súa propia dirección e xestión na execución e é responsable da organización do servizo, da calidade técnica dos traballos que desenvolve e das prestacións e servizos realizados, nos termos do artigo 305 do TRLCSP.

O adxudicatario dispoñerá en todo momento do persoal necesario, e adecuado, para a execución do contrato. Particularmente, garantizará:

- A cobertura, en todo momento, do servizo contratado cos técnicos necesarios para a súa realización, que ofertase. En consecuencia, o contratista efectuará pola súa conta e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignado ao servizo, por calquera causa que se produza, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.
- A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ao contrato.

Se é o caso, será obriga do contratista identificar convenientemente todo o persoal durante o tempo que desenvolva o servizo, seguindo as directrices que ao respecto lle dicte o órgano de contratación.

Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

O contratista deberá, en calquera caso, proporcionar aos compoñentes do equipo de traballo todos os medios técnicos necesarios para levar a cabo a execución dos servizos contratados, de forma presencial ou remota, e serán, en todo caso, os gastos de desprazamento e axudas de custo pola súa conta.

Así mesmo, dispoñerá para a execución do contrato de estrutura xerarquizada propia, cun responsable que se encargará de impartirlles aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo, así como das directrices relativas á súa distribución.

Pola natureza dos servizos que se van prestar e para diminuír os tempos de respostas ante incidencias e facilitar a realización dos servizos contratados, o adxudicatario poderá dispoñer de espazo en dependencias públicas, para ser utilizado durante a vixencia do contrato polos recursos que intervirán na prestación do servizo, tanto os propios como aqueles que se incorporen mediante compromiso de adscrición. Tal circunstancia farase constar no campo de observacións do cadro de características do presente prego.

En ningún caso, o outorgamento do contrato supoñerá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o contratista.

Cando se extinga o contrato non se poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, e a Administración contratante será de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso o referido persoal poderá alegar ningún dereito en relación coa Administración contratante nin exixirle a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O/a adxudicatario/a comprométese a retribuír adecuadamente o persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como

consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

O adxudicatario/a queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. Así mesmo, promoverá condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a Administración contratante.

8.10. RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e adoptará as decisións e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. En particular, o responsable do contrato velará por que na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións de laboralidade entre a Administración ou entidade do sector público e o persoal do contratista.

Desta forma, velará especialmente por que:

- a) O contratista achegue a súa propia dirección e xestión no desenvolvemento do obxecto do contrato e sexa responsable da organización do servizo.
- b) O contratista, a través das persoas encargadas designadas por el, se faga responsable de impartirlles aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo, de tal maneira que a Administración ou entidade do sector público sexa allea a estas relacións laborais.
- c) Se canalicen a través das persoas encargadas designadas polo contratista as posibles incidencias que xurdan na execución dos traballos.

O responsable do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das regras mencionadas, así como dar parte da situación ao órgano de contratación.

O responsable do contrato é o que figura, se é o caso, na portada deste prego.

8.11. MODIFICACIÓNS DO SERVIZO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público nas condicións e co alcance e os límites expresados, se é o caso, na letra V do cadro de características do contrato, de conformidade cos artigos 210, 219 e 306 e a disposición adicional 34 do TRLCSP. Non obstante, o contrato tamén se poderá modificar cando concorran as circunstancias previstas expresamente no TRLCSP, sempre que con isto non se alteren as condicións esenciais da licitación e adxudicación. A modificación do contrato realizarase de acordo co procedemento regulado no artigo 211 do TRLCSP e deberá formalizarse conforme o disposto no artigo 156 do TRLCSP.

8.11.1 Modificacións previstas

De conformidade co establecido no artigo 106 do TRLCSP, o contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

Estas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevida e persistente para o financiamento dos servizos públicos correspondentes.

Entenderase que a insuficiencia orzamentaria é persistente se se produce durante dous trimestres consecutivos.

A insuficiencia orzamentaria considerarase sobrevida cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte as partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 211 do TRLCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación exixida exceda o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

1.- Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas.

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña exixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 10% do orzamento do contrato.

As modificacións poderán afectar unha redución do volume de todas as prestacións obxecto do contrato.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

2.- Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato.

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a cal se establecese unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, e deberá ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida en que veña exixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o do triplo do prazo de execución previsto inicialmente.

De acordo co artigo 211 do TRLCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato deberá darse audiencia ao contratista.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo deste deberá reaxustarse a garantía definitiva, para os efectos do disposto no artigo 99.3 do TRLCSP.

Estes acordos deben ser adoptados logo de informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP.

8.11.2. Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público no caso de concorrer algunha das circunstancias previstas no artigo 107 do TRLCSP, sen que se produzan alteracións das condicións esenciais da licitación e adxudicación.

Estas modificacións realizaranse conforme o procedemento establecido e condicións fixadas nos artigos 108, 211, 219 do TRLCSP.

Esta modificación contractual non poderá exceder, illada ou conxuntamente, o 10% do importe de licitación do contrato.

A modificación do contrato requirirá un acordo motivado do órgano de contratación, audiencia ao contratista e informe da Asesoría Xurídica Xeral, de conformidade co artigo 211 do TRLCSP e deberán formalizarse de conformidade co disposto no artigo 156 do TRLCSP.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá readaptarse a garantía, para que garde a debida proporción co prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique ao empresario o acordo de modificación. Para estes efectos non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión.

8.12. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO

A cesión do contrato rexerase polo disposto no artigo 226 do TRLCSP.

Salvo que na letra S do cadro de características do contrato se prohiba a subcontratación, o contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato nas condicións que se indiquen no dito cadro, de conformidade co artigo 227 do TRLCSP.

O importe total das prestacións subcontratadas non debe superar a porcentaxe indicada, se é o caso, na letra S, ou, se non se indica nada, o 60 % do importe de adxudicación do contrato.

Cando así se indicase na letra S do cadro de características do contrato, o licitador debe presentar unha declaración sobre a parte do contrato que teña previsto subcontratar, nos termos do artigo 227.2.a) do TRLCSP.

Cando así se indicase na letra S do cadro de características do contrato, o adxudicatario deberá subcontratar determinadas partes da prestación de acordo co artigo 227.7 do TRLCSP. O licitador deberá presentar o compromiso de subcontratación da parte da prestación que sinala a mencionada letra S.

En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente e por escrito á Administración a intención de celebrar os subcontratos, de conformidade co artigo 227.2.b) do TRLCSP. Así mesmo, deberá presentar unha declaración responsable do subcontratista, outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme o artigo 60 do TRLCSP.

A Administración poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista teña que efectuar aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

En tal caso, o contratista remitirá á Administración, cando esta llo solicite, unha relación detallada dos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto coas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

Así mesmo, achegará, por solicitude da Administración, un xustificante do cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 228 do TRLCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigas considéranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que para tal efecto se establecen, se é o caso, na letra U do cadro de características do contrato. Se alí non se indica ningunha, aplicarase o previsto na cláusula 8.15 deste prego.

En caso de subcontratación total ou parcial do servizo contratado, o contratista será responsable de asinar o compromiso de confidencialidade coa entidade subcontratada, así como de garantir o cumprimento por parte desta das medidas de seguridade que correspondan segundo o servizo prestado.

En caso de que a información tratada conteña datos de carácter persoal, serán, así mesmo, de aplicación os requisitos establecidos no artigo 21 do RLOPD.

8.13. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación do contrato, tanto en boletíns oficiais como, se é o caso, noutros medios de difusión e ata a contía máxima especificada na letra P do cadro de características do contrato.

En caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimento europeos (ESI), serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten exixibles en cumprimento das obrigas de información e publicidade aplicables a cada fondo, nos termos establecidos na correspondente estratexia ou plan de comunicación. Os requisitos de formato e contido exixibles ao cartel, placa ou outro material que resulte exixible serán especificados polo órgano de contratación.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación, enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que serán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser repercutido e soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultan necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

Cando o obxecto do contrato sexa a redacción de proxecto e/ou dirección de obras, tamén se entenden comprendidos os dereitos de visados dos proxectos e direccións de obras.

8.14. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Se a Administración acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 216.5 do TRLCSP, levantarase unha acta en que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a Administración aboaralle ao contratista, se é o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán consonte o disposto nos números 2 e 3 do artigo 309 do TRLCSP.

8.15. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES

O contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 223 e 308 do TRLCSP e dará lugar aos efectos previstos nos artigos 225 e 309 do TRLCSP.

Nos casos en que se exixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo a que se refire a cláusula 8.6, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total do contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato, con perda, se é o caso, da garantía constituída, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, ou polas penalidades que se establecesen na letra U do cadro de características do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 % do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e perdas ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se se produce atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá, por pedimento deste ou de oficio, conceder a prórroga adecuada, de acordo co disposto no artigo 213.2 do TRLCSP.

No caso de que o contratista realice defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumpra o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso, a que se refiren a cláusula 4.3 e a letra F.5 do cadro de características do contrato deste prego, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha

penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 % do orzamento do contrato.

Cando o incumprimento ou o cumprimento defectuoso da prestación afecte características desta que se tivesen en conta para definir os criterios de adxudicación, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 150.6 do TRLCSP, establecer penalidades ou atribuír á puntual observancia destas características o carácter de obriga contractual esencial para os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP. Observarase o indicado nas letras U e W do cadro de características do contrato.

No caso de que o contratista incumpra as condicións especiais de execución do contrato establecidas na cláusula 8.1 e na letra O do cadro de características do contrato deste prego, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 118 do TRLCSP, establecer penalidades ou atribuírles o carácter de obriga contractual esencial para os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP. O incumprimento das ditas condicións poderá ser considerado infracción grave para os efectos establecidos no artigo 60.2.e) do TRLCSP se así se indica na letra O do cadro de características do contrato. Observarase o indicado nas letras U e W do cadro de características do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impoñer as penalidades previstas na letra U do cadro de características do contrato.

Considerarase incumprimento grave, que xustificará a resolución do contrato, a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores/as e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexa directamente ou ben mediante coaccións. Nestes casos, sempre que existan indicios de delito contra os dereitos dos traballadores/as, o órgano de contratación poñerá en coñecemento do Ministerio Fiscal.

8.16. FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato poderá facerse de maneira total ou parcial, mediante aboamentos á conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipulasen.

O pagamento do prezo realizarase de acordo cos prazos previstos na letra R do cadro de características do presente prego, e logo de informe favorable ou conformidade do funcionario ou órgano directivo que reciba ou supervise o traballo ou, se é o caso, do designado polo órgano de contratación como responsable del.

A Administración terá a obriga de aboar o prezo do contrato dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos servizos prestados.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real decreto 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do Rexistro Contable de Facturas no Sector Público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do 29 de abril, de agrupacións de interese económico), agrupacións de interese económico europeas (Regulamento CEE nº 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

As facturas electrónicas emitidas presentaranse no Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF).

O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas estará integrado co SEF. A anotación no Rexistro Contable de Facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obriga.

A información sobre este será a través das seguintes URL:

<http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

O contratista que non estea obrigado a emitir a factura electronicamente terá a obriga de presentar a factura expedida ante o órgano de contratación, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da prestación do servizo.

Para o aboamento do prezo dos servizos emitirase unha factura que se presentará acompañada da documentación acreditativa valorada da actividade realizada, indicando cada tipo de actividade realizada e o total de horas incorridas.

O pagamento realizarase polo importe establecido e acreditado, mediante a correspondente conformidade do xestor do contrato.

O pagamento realizarase de acordo co establecido na alínea L da folla de especificacións.

No ANEXO VI do presente prego recóllense datos e información que se terán en conta na facturación electrónica.

8.17. TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

Segundo se establece no artigo 218 do TRLCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobramento fronte á Administración poderán cedelo conforme a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

9. FINALIZACIÓN DO CONTRATO

9.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, se é o caso, no de prescricións técnicas e á satisfacción da Administración, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes de se ter producido a entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine na letra X do cadro de características do contrato.

Se os servizos non se encontran en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se malia isto os traballos efectuados non se adecuan á prestación contratada, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obriga de pagamento, e tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do contrato susceptibles de seren executadas por fases e de seren utilizadas de forma separada ou independente.

Cando o obxecto do contrato sexa a elaboración dun proxecto de obras, aplicarase o previsto no artigo 310 do TRLCSP.

Dentro do prazo dun mes, contado desde a data da acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, se é o caso, o saldo resultante.

9.2. GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que leve a cabo e das prestacións e servizos realizados.

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indica na letra E do cadro de características do contrato ou o que, se é o caso, se establecese no contrato por mellora do adxudicatario, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas.

Sempre que se xustifique debidamente no expediente de contratación, exceptúanse deste prazo de garantía os contratos en que non resulte necesario, en atención á natureza e características da prestación; neste suposto sinalarase esta circunstancia na citada epígrafe do cadro de características.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a emenda, pola súa conta, de todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que poidan derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido no presente prego e no artigo 305 do TRLCSP.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia referida, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 310, 311 e 312 do TRLCSP sobre emenda de erros e responsabilidades nos contratos que teñan por obxecto a elaboración de proxectos de obras.

9.3. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultan responsabilidades que se teñan que exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, se é o caso, se ditará acordo de devolución ou cancelación daquela,

logo de informe favorable do responsable do contrato ou de quen exerza a dirección do contrato.

No suposto de recepción parcial autorizarase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, logo de solicitude do contratista.

Transcorrido o prazo dun ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

Cando o importe do contrato sexa inferior a 100.000 euros, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE (alternativa ao DEUC)

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificación:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil a que representa:

NIF:

Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que coñezo e acepto incondicionalmente, sen excepción ou reserva ningunha, o prego de cláusulas administrativas particulares, o prego de prescricións técnicas particulares ou, se é o caso, proxecto de obra, así como a restante documentación de carácter contractual que regula a licitación de referencia.
- Que se cumpren os requisitos de capacidade de obrar para contratar coa Administración que exixen os artigos 54 e 72 do Real decreto 3/2011, do 14 de

novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).

- Que posúo poderes suficiente para representar a entidade licitadora (no caso de persoas xurídicas).
- Que se cumpren os requisitos de solvencia económica, financeira, técnica ou profesional ou ben, de ser o caso, de estar en posesión da clasificación necesaria para a realización do obxecto do contrato de acordo co exixido no prego de cláusulas administrativas particulares.
- Que me comprometo a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes para este fin que, se é o caso, exixa o prego.
- Que no suposto de ser proposta como adxudicataria do contrato acreditarei, logo de requirimento do órgano de contratación, a posesión e a validez dos documentos exixidos segundo os artigos 146 e 151. 1 do TRLCSP e este prego.
- Que, de acordo co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, achegarei ante o órgano contratación, cando así me sexa requirido en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para adquirir a condición de adxudicatario do contrato.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade a que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en ningún suposto a que se refire o artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante, TRLCSP).
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade a que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas a que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto destes últimos, as ditas persoas posúan a súa representación legal).
- Que estou –ou a entidade a que represento está– ao día no cumprimento das obrigas tributarias, facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

- Que a entidade a que represento está dada de alta na matrícula correspondente do imposto de actividades económicas, segundo o disposto non artigo 15 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP), e que:
 - Está ao día no pagamento.
 - Está exenta de conformidade co artigo 82.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Que a persoa que declara –ou a entidade a que represento– está inscrita no rexistro de licitadores que a seguir se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias que nel figuran respecto dos requisitos exixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.
 - Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado
 - Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº de inscrición _____)
- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil a que represento (consígnese o que proceda):
 - Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio en que concorra algún dos supostos establecidos non artigo 42 do Código de comercio.
 - Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio en que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio.

A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte (se a relación de empresas é moi extensa xuntarase en documento anexo):

 - a)
 - b)
 - c).....
 - ...
 - (Para cubrir só nos procedementos negociados) No caso de tratarse dun procedemento negociado por razón da súa contía, que non existe vinculación ou actuación baixo unidade de decisión ou dirección única con ningunha outra empresa licitadora.

- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral de Lei de contratos das administracións públicas e 152 do TRLCSP, a entidade a que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, correo electrónico, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS.

De conformidade co artigo 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinálese expresamente poñendo unha cruz ante ou servizo autorizado)

- Consulta de datos de identidade de persoas físicas
- Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- Alta na Seguridade Social
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Verificación de títulos oficiais universitarios

- Verificación de títulos oficiais non universitarios

- Consulta de datos sobre imposto de actividades económicas de Navarra

3.- CORREO ELECTRÓNICO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

4.- DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto non artigo 140.1 do TRLCSP declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....
.....
.....
.....

5.- CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado pola Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179 do 19.9.2014).

6.- DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

No caso de que se produza un empate entre os licitadores deste procedemento, comprométome a presentar, no momento en que sexa requirida, a seguinte documentación

1. ...
2. ...
3. ...

7.- SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL- (só para empresarios estranxeiros)

- Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que me poida corresponder.

Lugar e data

Sinatura:

ANEXO II

ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) n.º 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (Rolece) ou o Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 327.1 do TRLCSP, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (endereço da internet, todos os datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa estea inscrita no Rolece ou no RXCG, a continuación esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, qué datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos os debe subministrar, en todo caso, a empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscrites, e a empresa deberá asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, estándoo, non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN, con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir os candidatos e licitadores, durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o bo desenvolvemento deste, para que acheguen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación, o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos

xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [Rolece ou RXCG].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, non conste de maneira actualizada. Por iso, a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica qué información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

-Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non estar en poder do Rolece ou RXCG.

-Que datos son susceptibles de estaren inscritos no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos nesta epígrafe deben ser cubertos pola empresa.

	<p>Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.</p>
<p>Información xeral:</p>	
<p>Se for o caso ¿figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)? En caso afirmativo: -Rexistro no cal está inscrito e nº de inscrición</p> <p>Certificación en formato electrónico</p>	<p>Si () Non () Non procede ()</p> <p>() Rolecesp</p> <p>() Rexistro Xeral de Contratistas da C.A. de Galicia</p> <p>() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa.)</p> <p>() Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____</p> <p>http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia</p> <p>NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS</p>

<p>Indíquese grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista</p> <p>Coa clasificación cúmprense todos os criterios de selección? En caso negativo cubra a parte IV deste formulario (seccións A,B,C ou D, segundo proceda.</p> <p>Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente?</p> <p>Dispoñible en formato electrónico</p>	<p>Si () Non ()</p> <p>Si () Non ()</p> <p>Póñese enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación</p> <p>() Rexistro Xeral de Contratistas dá Comunidade Autónoma de Galicia:</p> <p>http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia</p>
<p>Forma de participación.</p>	
<p>Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?</p>	<p>Si () Non ()</p>
<p>En caso afirmativo</p>	

<p>b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.</p>	<p>Identifícase con NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa,.</p> <p>No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indíquese:</p> <p>() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa.)</p> <p>() Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____</p> <p>http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia</p>
--	---

Na parte II, na alínea B, denominada Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario cubrila se o licitador está no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

<p>Sección B</p>	
<p>Representación</p> <p>Nome e apelidos:</p> <p>Cargo:</p> <p>Enderezo postal:</p> <p>Teléfono:</p> <p>Correo electrónico:</p> <p>Información sobre representación (forma, alcance, finalidade,...)</p>	<p>NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS</p>

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario, a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos do noso TRLCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modifica a regulación desta materia no TRLCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 60 e 61 e creando «ex novo» o artigo 61 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo, senón de simple aplicación de normas nacionais.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no *Rolece e/ou RXCG, as empresas deberán responder todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, n.º de Sección	DN	TRLCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 60.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social).
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 60.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).

Sección C:		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 60.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 60.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade.).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 60.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 60.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 60.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 60.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 56.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 60.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 60.1, letra e) e 60.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 60.1.e).
Sección D	-----	Artigo 60.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non ()
	Se e afirmativo, ¿adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, isto é, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Nese caso, abondará responder SI ou NON no punto titulado “Indicación global relativa a todos os criterios de selección” e non haberá que cubrir as alíneas seguintes:

A: idoneidade

B: solvencia económica e financeira

C: capacidade técnica e profesional

D: sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, non conste de maneira actualizada. Neste punto novamente indícase, a modo orientativo respecto do Rolece e do RXCG, qué información ou datos poderían estar inscritos e cáles non.

Parte IV. Criterios de selección

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun rexistro profesional ou mercantil no seu Estado membro de establecemento?	Non está no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no Rolece, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispoñer dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no Rolece cando conforme a lexislación nacional se requirise unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	
O seu volume de negocios anual (xeral) durante o nº de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no Rolece.
O seu volume de negocios anual (medio) durante o nº de exercicios exixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no Rolece, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscribibles, indicados na pregunta anterior)
Se non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no Rolece.

<p>En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...</p>	<p>Non está no Rolece, pero todas as ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscribibles).</p>
<p>O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...</p>	<p>Si podería estar no*Rolece.</p>

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos aos cales se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada, en todo caso.

ANEXO III

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA

(NO CASO DE PRESENTACIÓN DO DEUC)

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Enderezo para os efectos de notificación:

No caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil a que representa:

NIF:

Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo a que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos

electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos nela.

- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil a que represento (consígnese o que proceda):
 - Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio en que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

 - Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio en que conorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b)
 - c).....

 - No caso de tratarse dun procedemento negociado por razón da súa contía, que non existe vinculación ou actuación baixo unidade de decisión ou dirección única con ningunha outra empresa licitadora.
- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 152 do TRLCSP, a entidade a que represento comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.

2. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS.

De conformidade cos artigos 4 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, e 6.2.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, autorizo o órgano contratante para consultar os datos que a seguir se relacionan:

(sinálese expresamente poñendo unha cruz ante o servizo autorizado)

- Consulta de datos de identidade de persoas físicas
- Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social
- Alta na Seguridade Social
- Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias para a contratación coas administracións públicas
- Imposto sobre actividades económicas (IAE) de ámbito provincial e estatal
- Validación de NIF de persoas xurídicas contribuíntes
- Verificación de títulos oficiais universitarios
- Verificación de títulos oficiais non universitarios
- Consulta de datos sobre imposto de actividades económicas de Navarra

3. CORREO ELECTRÓNICO PARA EFECTO DE NOTIFICACIÓNS

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____.

4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 140.1 do TRLCSP, declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....
.....
.....
.....

5. CÓDIGO ÉTICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA

MANIFESTO coñecer o contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado pola Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179, do 19.9.2014).

6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

- Non achego documentación de desempate

- Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate:

.....

7.- SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL- (só para empresarios estranxeiros)

- Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que me poida corresponder.

En, o ... de do 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

ANEXO IV

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

Número de expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: ___ / ___ / _____

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

Enderezo para efectos de práctica de notificacións:

(no caso de actuar en representación:)

Entidade mercantil a que representa:

NIF: _____ Cargo: _____

MANIFESTA:

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a contratación referida, e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións *:

1. Oferta económica (o importe debe expresarse claramente en números e letras):

- Importe neto: _____ €

- IVE (___ %): _____ €

- Total: _____ €

2. Oferta técnica:

.....

3. Así mesmo, **comprométese ao cumprimento de todas as disposicións vixentes** en:

- materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo
- e de protección de datos de carácter persoal.

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal, senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 145.5 do TRLCSP

.....,de.....de.....

(Sinatura e selo do licitador)

*No caso de que, de acordo co disposto na **letra J do cadro de características**, se admita a presentación de VARIANTES e a proposición presentada o sexa, deberase consignar expresamente neste anexo.

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INSCRIPCIÓN EN REGISTROS DE LICITADORES E DE NON VARIACIÓN DOS DATOS REFLECTIDOS NOS SEUS CERTIFICADOS

Número de expediente:

Denominación da contratación:

Data da declaración: ___ / ___ / _____

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF:
_____ Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico:

Enderezo para efectos de práctica de notificacións:

(no caso de actuar en representación:)

Entidade mercantil a que representa:

NIF: _____ Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade se encontra inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos exixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

- **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado**
-
- **Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia**
(nº _____)

- AUTORIZO o órgano de contratación para solicitar os datos que consten en poder da Administración que sexan necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Sinatura e selo:

ANEXO VI

DATOS PARA A FACTURACIÓN ELECTRÓNICA

CONSELLERÍA:

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:

UNIDADE DE CONTRATACIÓN:

CIF: S1511001H

CÓDIGO INTERNO SEF:

CÓDIGOS DIR3:

CÓDIGO DA OFICINA CONTABLE:

CÓDIGO DO ÓRGANO XESTOR:

CÓDIGO DA UNIDADE TRAMITADORA:

ENDEREZO DA UNIDADE TRAMITADORA:

PUNTO DE ENTRADA AUTOMATIZADA DE DATOS (FACe):

<http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>